

OS CRUCEIROS DE CAPELA: III. CONCELLO DE BRIÓN

por
CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ

Continuamos coa catalogación dos cruceiros de capela. Esta vez correspóndelle ós do concello de Brión. Os anteriores foron os de Rois (dúas entregas) e os de Ribeira¹.

Castelao non está de todo no certo cando escribe: *dende Rianxo a Noia, seguindo a veira do mar, hai unha chea de cruceiros con grosa colúa e unha capeliña en lugar do capitel*²; pois tamén os hai no interior, como estes do concello de Brión que, aínda que agora non se conserven máis de dous en boas condicións e parte de outros dous, testemuñan que a súa área xeográfica non se cingue, nin moito menos, exclusivamente ás terras ribeirás do mar de Arousa e da ría de Noia-Muros.

Como queda dito nos artigos anteriores, o día en que rematemos a catalogación entón será cando fagamos o traballo de síntese, no que se trate verbo da área, cronoloxía, denominación propia que reciben en cada zona, etc.

¹ C. GONZÁLEZ PÉREZ: «Os cruceiros de capela. I. Concello de Rois»; «Os cruceiros de capela. II. Concello de Santa Uxía da Ribeira», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, núms. 103 (1989), 104 (1990) e 105 (1992).

² *As cruces de pedra na Galiza*, Buenos Aires, 1950, p. 175.

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XLII, Fascículo 107, Santiago 1995.

CRUCEIROS DO CONCELLO DE BRIÓN

Situación

O concello de Brión pertence en parte á comarca natural da Amaía, terra de antiquísima tradición histórica, pois xa no século IX cando se refiren á situación da cidade de Santiago de Compostela, afirmase que se acha *in Gallaecia in finibus Amaea*³.

Ata as aínda vixentes divisións administrativas, levadas a termo na década dos anos trinta do século XIX, o territorio do actual concello de Brión pertencía a dúas xurisdiccións: Altamira e Amaía. A súa extensión territorial é de 73,8 km², repartidos entre nove parroquias. Linda cos concellos de Ames, Lousame, Negreira, Noia, Outes, Rois e Teo.

Os cruceiros

Entre cruces e cruceiros actualmente quedan en total 51, distribuídos polas nove freguesías, sendo a que ten máis a de San Xiao de Bastavales (dez), e a que menos, San Salvador de Bastavales (só un)⁴. Sabemos de algún desaparecido, como *un artístico cruceiro*, segundo escribe Andrés Suárez, que estaba xunto á capela de San Cristovo, e que o deixaron baixo a estrada da Luaña a Cristomil cando foi aberta, non se parando sequera en retirar as pedras⁵.

Hai exemplares das tres clases existentes en Galicia: de varal, de capela e tamén sinxelas cruces carentes de imaxes:

³ A. LÓPEZ FERREIRO: *Historia de la Iglesia A. M. de Santiago de Compostela*, II, apéndice, p. 9, Santiago de Compostela, 1899.

⁴ Digo *San Xiao* e non *Xulián*, porque a primeira denominación xunto coa variante *Xián* paréceme máis galega, non sendo quizais a segunda máis que unha galeguización do nome do santo dende o castelán. Aquí poidera ser tamén *Xián*, pero en cambio na documentación adoita figurar *Xiao*, como por exemplo aínda nas *Memorias del arzobispado de Santiago*, do cardeal Jerónimo del Hoyo, do ano 1607, que ó falar da Luaña di: *San Gíao o Julián de Luaña* (Santiago de Compostela, s.a., p. 193).

Sobre San Xián ou Xiao, cfr. X. FERRO RUIBAL (direc.): *Diccionario dos nomes galegos*, Ir Indo, 1992, pp. 544 ss.

⁵ A. SUÁREZ: *Luaña. Mitos, costumes e crencias dunha parroquia galega*, Galaxia, Vigo, 1979, p. 17.

| | |
|---------------------------------|----|
| Ánxeles (Os) | 7 |
| Bastavales (San Salvador) | 1 |
| Bastavales (San Xiao) | 10 |
| Brión | 9 |
| Boullón | 4 |
| Cornanda | 2 |
| Luaña (A) | 9 |
| Ons | 3 |
| Viceso | 6 |

O máis antigo dos datados é o de capela *da Goriña*, situado no lugar de Pousada da parroquia de Viceso, do ano 1673, e os máis recentes pertencen xa ó século actual. Consérvanse exemplares magníficos, dignos de figurar en calquera estudio que se faga sobre estas obras populares, tanto polo que atinxe á antigüidade, como pola súa beleza e valor artístico. Entre os de capela sobrancea o do Saramagal, na aldea de Vioxo de Abaixo (Luaña), e entre os de varal, o do adro da igrexa dos Ánxeles, labrado en 1765 polo canteiro Xacinto Gómez. Coidamos que é o único do concello —e un dos poucos a nivel de Galicia— do que se coñecen a data e o «santeiro» que o fixo⁶.

Os veciños do concello de Brión senten grande devoción polos seus cruceiros, e en particular as persoas maiores, que seguen crendo que as ánimas dos defuntos cando están no Purgatorio volven ó mundo dos vivos a solicitar dos seus parentes oracións, misas, rosarios, responsos,...., para así acadar a gloria eterna. A. Suárez, bo coñecedor destas terras e, sobre todo, da parroquia da Luaña, di que aínda existe a crenza de que as almas en pena pelegriñan pola noite e *pregan xunto aos cruceiros pra purgar os pecados feitos neste mundo*⁷. Queda un polo menos, o do Quinteiro no que se venera a Virxe das Dores, no lugar de Vioxo de Abaixo, que aínda segue recibindo culto por parte de algúns veciños, que lle prenden velas e lle botan esmolos, coas que despois se paga algunha misa ou acto relixioso.

Segundo contan as persoas maiores, había cruceiros que dispoñían de unha leira, coa que foron dotados polo veciño que os mandou erguer. Esas leiras aforábanse e o produto da renda destinábase ó seu coidado:

⁶ *Libro de Fábrica*, parroquia dos Ánxeles, ano 1765, fol. 46.

⁷ *Obr. cit.*, 54.

restauración, pintado, limpeza,..., e ás veces tamén para algún acto fúnebre polos fundadores. Poido haber máis, pero sabemos de dous do lugar de Pousada que disfrutaron cada un da súa leira ata antes de levarse a termo a concentración parcelaria.

Os emprazamentos tradicionais son as encrucilladas, e en particular as de aqueles camiños que foron durante séculos «camiños sacramentais», é dicir, os que seguían as comitivas fúnebres ata a igrexa e cemiterio, moitos deles substituídos nas últimas décadas por pistas.

CRUCEIROS DE CAPELA DE BRIÓN

Actualmente existen dous enteiros en bo estado de conservación, e parte de outros dous. Por sorte, atendendo ó que chegou ata os nosos días, os máis monumentais son os dous primeiros.


Os catro quedan cara ó suroeste, é dicir, nas parroquias situadas máis preto dos concellos de Rois, Lousame e Noia, que é onde abunda este tipo de cruceiro. Nas demais, se é que os houbo —que case seguro que non—, agora non queda ningún, nin mesmo sabemos de posibles restos. Coidamos que dos catro hai tres que poden ser case coetáneos, algúns —como o da *Goriña* e o do *Saramagal*— quizais do mesmo artista ou taller. Cronoloxicamente a labra dos catro exemplares que chegaron ata os nosos días situámola na segunda metade do século XVII, arredor de 1673, ano que consta no da *Goriña*. O único que poidera ser algo máis recente é o do *Quinteiro* (Vioxo de Abaixo), do que só resta da obra primitiva o fuste e o capitel. A imaxe da Virxe das Dores e a cruz —actualmente desaparecida— posiblemente sexan máis recentes.

Tanto os veciños da Luaña como os de Viceso, non distinguen estes monumentos populares dos demais, dándolle a mesma denominación como se fosen de varal: *cruceiro do Saramagal*, *cruceiro da Goriña*, *cruceiro do Quinteiro* e *cruceiro da Amañecida* (Lám. I).

PARROQUIA DE SAN XIAO DA LUAÑA

Conta con nove cruceiros, sendo a que máis ten do concello despois da de San Xiao de Bastavales, e igual que a de San Fiz de Brión. De capela hai dous, un completo e outro mutilado sen a parte superior.

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XLII, Fascículo 107, Santiago 1995.



Lám. I. Concello de Brión.

CRUCEIRO DA AMAÑECIDA

Situación

Atópase na aldea deste nome, nunha antiga encrucillada de vellos camiños, que nas últimas décadas foron transformados en pistas asfaltadas. Alí converxe a procedente da aldea de Moldes coa que pasa de par da igrexa parroquial e segue logo para a veciña parroquia de Cornanda. Queda na beirarrúa, dándolle o fronte ó antigo camiño de Moldes (Lám. II).

Descrición

O baseamento está constituído por unha grada de catro chanzos, de maior a menor, facendo o máis pequeno de basa, na que se afinca o monolítico fuste, de sección case cadrada, coas arestas rebaixadas dende pouco despois de empezar ata poucos centímetros antes de chegar ó capitel. No medio da cara que dá ó fronte —ó camiño que vén de Moldes— ten esculpido en relevo un santo bispo, cos dous pés apoiados sobre unha pequena peaña, e por riba con unha especie de dosel semicircular, que vai de ombro a ombro. A figura é moi sinxela, non se lle apreciando case os rasgos, debido á pouca calidade da obra e tamén á escasa consistencia da pedra. Coa man esquerda terma do báculo, que lle chega por diante ata o medio dos pés, mentres que ergue a dereita, en posición de dar a bendición. Cubre a cabeza coa mitra. Da roupa unicamente se distinguen algúns pregamentos na parte de abaixo. Case seguro que se trata de San Martiño de Tours, pois os veciños non saben que santo é. Tamén poidera ser San Brais, que ademais da representación clásica de ter a man dereita sobre a gorxa, ás veces dá a beizón con ela (Lám. III).

Segue o capitel de catro caras lisas, de forma piramidal truncada e invertida, como adoitan ser na case totalidade de esta clase de cruceiros. Na frontal ten esculpido en baixorrelevo un anxo con ás, de labra moi rudimentaria.

O resto desapareceu xa hai moitos anos. En 1882 foille colocada sobre o capitel unha cruz, constando na base da mesma a data.

Historia

Atópase nunha encrucillada do camiño sacramental, agora convertido en pista. Foi durante séculos paso obrigado cara á igrexa e cemiterio dos defuntos das aldeas de Goiáns, Ardións, Moldes e parte dos da Amañecida. Diante del detíñanse os cortexos fúnebres para rezar un responso.

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XLII, Fascículo 107, Santiago 1995.



Lám. II. Cruceiro da Amañecida.



Lám. III. Cruceiro da Amañecida: San Martiño ou San Brais.

De seguro que o mandou erguer algunha persoa devota do mesmo lugar da Amañecida.

Atendendo ó que queda, coidamos que pode ser obra das últimas décadas do século XVII, e do mesmo «santeiro» ou taller do que labrou o da *Goriña*, o ano 1673.

Tradicións

Xa queda dito que diante del detíñanse as comitivas fúnebres, para rezar algún responso polo finado ou finada. Isto veuse facendo ata que se xeralizou o uso de vehículos. O home que portaba a cruz parroquial tiña moito coidado ó parar de non poñer o lado do Cristo cara atrás, porque iso era o mellor sinal de que axiña ía morrer outra persoa, unha das que viñan no cortexo.

Segundo recolleu A. Suárez, este cruceiro, xunto co da Fonte do Espiño—agora no adro da igrexa da Luaña— e o «de mesa», é dicir, onde daban a volta as procesións, son os *máis frecuentados pola Compañía (os cruceiros do medo)*, en particular nas tenebrosas noites de inverno⁸.

Era aquí, na mesma encrucillada, onde antes a mocidade celebraba as «foliadas» os domingos e díasantos, bailando e cantando ó son das pandeiras. O cine, primeiro, e agora o televisor, acabaron con estas tradicionais xuntanzas.

CRUCEIRO DO QUINTEIRO

Situación

Queda no medio da aldea de Vioxo de Abaixo, pegado a unha casa. Tamén se coñece por cruceiro da Virxe das Dores (Lám. IV). Estivo durante varios séculos no medio da encrucillada, pero foi trocado para onde se acha agora haberá uns 50 anos, porque os carros cargados de molime ou herba seca non pasaban ben.

Descrición


Ó cambialo de emprazamento suprimíronlle a grada, substituíndoa logo por unha estreita escaleira de seis chanzos. Conservouse o fuste, monolítico, de sección cadrangular coas arestas rebaixadas, agás en poucos

⁸ *Obr. cit.*, 45.

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XLII, Fascículo 107, Santiago 1995.



Lám. IV. Cruceiro do Quinteiro.



Lám. V. Virxe das Dores, do cruceiro do Quinteiro.

cms. no comezo e o mesmo antes do remate. Nos cabos do chanflán das arestas percíbese como se fose unha bola, pero moi erosionada.

Aproximadamente na metade da cara frontal do fuste hai un baixorrelevo enmarcado nun rectángulo, no que está representada a Virxe coas mans dereitas e penduradas delas un rosario. Trátase de unha obra moi sinxela de escaso valor artístico.

Sobre o fuste aséntase o clásico capitel de catro caras no equino, de menor a maior, coa cabeza de un anxo con ás na do fronte. A capela foi reformada, conservando moi pouco da primitiva, pois parte é de cemento. Dentro atópase unha imaxe da Virxe das Dores, con policromía moderna, vestida de negro. Ten as mans dereitas, á vez que terma como de un cáliz coa hostia por enriba. Pode ser a imaxe antiga, a primeira que tivo o cruceiro (Lám. V).

Actualmente falta a cruz con Cristo no fronte, que tronzou non hai moitos anos, unha noite de vendaval.

Historia

Atendendo ás pezas que quedan, coidamos que date dos últimos anos do século XVII ou xa dos primeiros do seguinte. É, non hai dúbida, o máis novo dos cruceiros de capela do concello brionés, non gardando tampouco ningunha semellanza estilística cos tres restantes.

Tradicións

É o único cruceiro polo que aínda os veciños teñen moito «afán», segundo expresión de unha persoa maior de Vioxo de Abaixo, que se manifesta nos velóns que lle poñen acesos dentro da capela, e tamén na caixa onde se recollen as esmolos, coas que logo pagan algún acto relixioso. Outra mostra da devoción pola Virxe das Dores, é que antes lle celebraban unha festa no mes de outubro, amenizada por un gaitero ou por unha orquestra. A Virxe é avogosa de moitos males das persoas e tamén dos animais, pois cando estaba a parir unha vaca o primeiro que facían era coller unha espiga no hórreo e tocarlle con ela á santa, dándolla a comer logo ó animal para que parise ben e o becerriño non morrese.

Diante do cruceiro detíñanse os cortexos fúnebres da aldea de Vioxo de Arriba, xa que antes este era o único «camiño sacramental». Deixouse de facer ó abrir a pista asfaltada actual e trasladar os defuntos en coche.

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XLII, Fascículo 107, Santiago 1995.

CRUCEIRO DO SARAMAGAL

Situación

Aínda que esta é a denominación tradicional, actualmente tamén se coñece polo *cruceiro do lavadoiro*, porque mesmo de par del foi construído un lavadoiro, agora abandonado. Queda nunha encrucillada a menos de cen metros das casas da aldea de Vioxo de Abaixo, nun fondo, de par dun pequeno regueiro que logo vai ó río de Viceso, e este ó Tambre (actualmente naquel treito encoro «Barrié de la Maza»).

A uns dez metros atópase unha pontella de pedra, que parece moi antiga, pero que, como toda obra de carácter popular, non é posible a súa datación. O cruceiro queda xusto na encrucillada (Lám. VI).

Descrición

Trátase de unha obra moi elegante, de grandes proporcións, pois dende o chan ata o remate da cruz mide sobre 4,60 m. aproximadamente, sendo polo mesmo o máis alto dos existentes no concello de Brión, anque non o parece tanto debido a que queda nun fondo e que ó ensanchar o camiño para transformalo en pista deixaron os dous primeiros chanzos enterrados, non respectando o asentamento primitivo.

O baseamento consta de unha grada de tres chanzos, de maior a menor. Queda dito que os de abaixo non son visibles en parte. Segue o fuste, monolítico, afincado sobre a plataforma máis pequena que lle fai de basa. É de sección cadrada, coas arestas achafradas, a non ser no comezo e no remate, onde se lle aprecia unha especie de bola. Na cara frontal ten un relevo enmarcado nun rectángulo, pero co lado superior por dentro redondeado semellando así unha fornela, e co inferior apoiado sobre unha pequena peaña. Dentro acóllese un santo bispo, con báculo na man esquerda que lle pasa por diante ata os pés, e coa dereita alta, dando a bendición. Cubre a cabeza con mitra. É o mesmo que o do cruceiro da Amañecida. Poidera ser San Martiño de Tours, aínda que así existe tamén unha representación iconográfica de San Brais, menos tradicional que a que ten a man dereita sobre a gorxa. A labra é de pouca calidade e atópase moi erosionada (Lám. VII).

Segue o capitel, de forma tradicional, coas catro caras do equino lisas. En tres hai esculpida en baixorrelevo unha cabeza de anxiño ou querubín con ás, na da fronte e nas dúas laterais.

O corpo da capeliña está formado por catro pedras: dúas laterais e unha por detrás, que se protexen con outra que fai de cuberta. Por dentro carecen de ornamentación, pero non así polo exterior, que contan cada

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XLII, Fascículo 107, Santiago 1995.



Lám. VI. Cruceiro do Saramagal.



Lám. VII. Cruceiro do Saramagal: San Martiño ou San Brais.

unha co seu relevo: na da dereita poñéndose de fronto áchase San Francisco de pé dentro dunha especie de forneliña co lado superior redondeado, coas mans a altura da cintura amosando os estigmas. Por detrás represéntase a Cristo levando a cruz ó lombo ou, posiblemente, ó franciscano San Diego de Alcalá —canonizado en 1588—, enmarcado dentro de un cadrado. Por último, no da esquerda áchase Santo Antonio de Padua, co meniño Xesús no colo sobre o brazo esquerdo e unha palma ou azucena na man dereita, dentro de unha fornella co lado superior redondeado (Lám. VIII e IX).

Este cruceiro é o único do concello de Brión que posúe decoración iconográfica no exterior da capela. Non hai dúbida que o canteiro ou santeiro coñecía o da Laxe Pequena (Taragoña, Rianxo), coidamos que da mesma época, que na parte escultórica só se diferencian en que en vez de ter a Santiago matamouros, no seu lugar está representado Santo Antonio co meniño Xesús no colo⁹. Escasean os cruceiros con decoración exterior, os que quedan máis preto deste de Vioxo de Abaixo son dous do concello de Rois: un da parroquia de Urdilde, con un bispo ou mesmo un papa —quizáis San Cremenzo, San Martiño de Tours ou San Brais— e a santa francesa Xoana de Chantal, fundadora da orde das salesas. O outro atópase no lugar da Igrés da freguesía de Leroño, con Santiago matamouros nun lado, a Virxe no outro e por detrás unha cruz inscrita nun círculo¹⁰.

A cuberta da capela conta polo exterior con tres caídas de auga, pero por dentro semella unha bóveda, con catro nervos e a clave central. No fronte, por fóra, imita un arco gravado todo arredor como se fose unha porta de medio punto, sostido por columniñas con capiteis. Por enriba do arco figuran —actualmente case imperceptibles— as iniciais das palabras latinas *Iesus, hominum salvator* (Xesús, salvador dos homes), cunha cruceira sobre o «H», o mesmo que o rianxeiro xa nomeado da Laxe Pequena¹¹:

+
I H S

⁹ CASTELAO: *Obr. cit.*, lámina LXX; J.M. LAREDO VERDEJO: *Os nosos cruceiros*, A Coruña, s.a.

¹⁰ Cfr. C. GONZÁLEZ PÉREZ: «Os cruceiros de capela. I. Concello de Rois (II)», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXXIX, 1991, pp. 269 ss., e 290 ss.; e «Santa Xoana de Chantal en dous cruceiros galegos», *Anuario Brigantino*, 16, Betanzos, 1993.

¹¹ CASTELAO: *Obr. cit.*, lám. LXX. Este mesmo motivo repítese tamén nun da parroquia de Ermedelo (Rois), do que unicamente se conserva agora a capeliña empotrada pola parte de arriba da porta da capela que hai de par da casa rectoral (GONZÁLEZ PÉREZ, C.: «Os cruceiros de capela. I. Concello de Rois», *CEG*, 103 (1989), p. 371).



Lám. VIII. Cruceiro do Saramagal: San Francisco.



Lám. IX. Cruceiro de Saramagal: Santo Antonio, a Virxe das Angustias e San Diego de Alcalá (?).

Dentro da capela acubíllase unha pequena imaxe da Virxe, que está coas mans dereitas, en oración, ten coroa de raíña e conta con abundante cabelo. O manto recólleo cos brazos suxeitándoo contra o corpo.

O conxunto remata coa cruz, de sección cadrada coas arestas rebaixadas, e nos cantos dos brazos con un motivo decorativo a xeito de tetrapétala co botón no medio. No fronte áchase Xesucristo suxeito con tres cravos, moi erosionado, non se lle apreciando rasgos anatómicos, nin case o pano de pureza, pero si o cabelo e a coroa de espiñas. Ten nimbo e sobre el a cartela do INRI (Lám. X).

O normal é que estes cruceiros non contén con máis iconografía, pero este de Vioxo de Abaixo tamén ten á Virxe das Angustias no reverso, con Cristo morto no colo. Como adoita suceder con esta tradicional representación da Nai e do Fillo, o segundo é proporcionalmente moito máis pequeno, cando debera ser máis grande ou, polo menos, igual¹². A Virxe apoia os pés sobre unha cabeza de anxo que lle fai de peaña.

Todo o labor escultórico é sinxelo, e ademais atópase moi erosionado, debido á pouca consistencia da pedra.

Historia

Carece de inscrición. Tomando como referencia cronolóxica o da *Goriña* e outros exemplares xa de fóra do concello de Brión e, sobre todo, o rianxeiro da Laxe Pequena datado a finais do século XVI ou comezos do seguinte, podemos fixar a súa construción no XVII, quizais na primeira metade. É máis, ata cabe a posibilidade que este e o da *Goriña* sexan do mesmo autor ou taller.

Os veciños din que o mandou facer un dos devanceiros da «casa da Ardeira», familia que aínda segue residindo no lugar.

Trátase de unha obra profundamente franciscana, debida con toda seguridade á influencia dos frades desta orde, que percorreron Galicia erguendo cruceiros, en particular durante os séculos XVII e XVIII, nos que case nunca falta o seu fundador San Francisco. Neste do Saramagal, ademais do santo de Asís, tamén están Santo Antonio de Padua e, case seguro, San Diego de Alcalá.

¹² Cfr. CASTELAO: *Obr. cit.*, 164.

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XLII, Fascículo 107, Santiago 1995.



Lám. X. Cruceiro do Saramagal.

Tradicións

Durante séculos debeu ser un dos *cruceiros do medo*, como lle chama Andrés Suárez¹³, por creerse que eran frecuentados de noite pola Santa Compañía. O sitio préstase: separado das casas, metido nun fondo de par de un re-gueiro —onde medran os saramagos, de aí a denominación—, nunha encrucillada de vellos camiños, na rota sacramental dos defuntos... Diante del detíñanse cos cadaleitos para rezar un responso.

A mostra de que debeu ser un lugar que os devanceiros creían moi frecuentado polas ánimas, é que a poucos metros máis arriba, diante da primeira casa da aldea, ergueron na encrucillada que tamén hai alí outro cruceiro (o da *Cuca*) —máis ben unha cruz, xa que carece de parte iconográfica—.

Agora poucos veciños se lembran da Compañía, nin mesmo das ánimas, só algunha velliña que pasa por alí para as leiras, pois o lugar deixou de ser paso obrigado para a igrexa, ó facer a pista por outro sitio, por fóra da aldea. O lavadoiro que queda de par tampouco se usa dende que se instalaron as lavadoras nas casas, ou se construíron lavadoiros particulares aproveitando a traída da auga.

Actualmente téntase de recuperar o antigo vieiro, por iso o camiño foi ensanchado e convertido en pista.

PARROQUIA DE VICESO

CRUCEIRO DA GORIÑA

Situación

No camiño de Pousada á igrexa parroquial, transformado en pista non hai moitos anos. Hoxe en día non queda en encrucillada, pero houboa antes. O antigo camiño pasa pola parte de abaixo —que alí é corredeira— ó que lle daba fronte o cruceiro, do que partía outro camiño cara ás leiras agora tamén abandonado (Lám. XI).

Entre a aldea e este cruceiro hai outro, sen iconografía na cruz, pero si na base —seguro que aproveitada de una obra anterior que o conxunto actual—, que ten catro caveiras (unha en cada esquina), unha longa serpe que fai dúas roscas e un lagarto.

¹³ *Obr. cit.*, p. 45.

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XLII, Fascículo 107, Santiago 1995.



Lám. XI. Cruceiro da Goriña.

Descripción

O baseamento está formado por unha grada de catro chanzos. O último, que é o máis pequeno, fai de base, do que sae o fuste, monolítico, de sección cadrangular, coas arestas rebaixadas, agás no comezo e no remate, como vén sendo tradicional en todas estas obras. En sete das oito caras hai unha longuíssima inscrición, na que figura o nome do matrimonio que o mandou facer, a dotación e a data.

No medio aproximadamente do lado frontal ten unha figura gravada en baixorrelevo, que apoia os pés sobre unha pequena peaña, e cúbrese con unha especie de dosel semicircular que lle vai de ombreiro a ombreiro. É San Pedro —o santo do que o mandou labrar—: na man esquerda que lle queda á altura da cintura porta un libro, e na dereita que a ten cara arriba, as dúas simbólicas chaves. A labra é moi pobre, non se distinguindo case os rasgos faciais nin tampouco o pregramento da roupa (Lám. XII).

O capitel é da forma tradicional de todos estes cruceiros, con catro amplas caras lisas, agás a frontal que ten unha cabeza de anxo con ás. A capela está formada por catro pedras: dúas laterais, unha por detrás e outra que fai de cuberta. As dúas laterais teñen rebaixada a aresta frontal que dá cara ó interior, para así ampliar a visión e a luz da capela. Por dentro debeu estar pintada ou, polo menos, rebocada con barro e cal. A imaxe da Virxe é moi sinxela: ten o meniño Xesús no colo, sobre o brazo esquerdo, totalmente espido, co brazo esquerdo caído cara abaixo e o dereito apoiado sobre o peito da Nai, mentres esta lle acariña o pé dereito coa súa man dereita. Leva manto e coroa. Aínda se lle aprecian restos de policromía. Os rasgos anatómicos son escasos, o mesmo que as dobras da roupa.

O conxunto remata co Crucificado, asentado sobre a pedra que fai de teito da capela. A cruz é de sección cadrada, coas arestas rebaixadas agás en poucos cms. antes dos tres extremos. Nos cantos dos brazos ten dous círculos concéntricos a un punto central. Semella que Xesucristo xa está morto, totalmente unido á cruz, con amplo pano de pureza anoado ós dous lados, sostido por tres cravos e coa cabeza caída cara adiante, con nimbo por detrás. Apréciase a coroa de espiñas e o abundante cabelo. A cartela do INRI coroa o conxunto.

Mide de altura, incluído o baseamento, 4,46 m.

Historia

Este é o único cruceiro de capela do concello de Brión que está datado, figurando o ano de construción e as persoas que o mandaron labrar

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XLII, Fascículo 107, Santiago 1995.



Lám. XII. Cruceiro da Goriña: San Pedro.

nunha longa inscrición que se desenvolve en sete das oito caras do fuste. A parte do texto que corresponde á dotación de misas agora é ilexible, pero a que está clara é onde consta o matrimonio que o mandou facer e o ano:

| | | | |
|---------|----|-------|-----|
| ESTE | | | |
| CRV | | | |
| SERO | | | |
| MAN | | | |
| DO HA | | | |
| SER | P | | |
| PED | RO | DOM | IN |
| BAS | QV | GA... | ... |
| ES I SV | | ANO | |
| MVG | | 1673 | |
| ER | | | |

*Este crvsero mandó haser P Pedro Basqves i su muger Dominga ¿...?
Ano 1673.*

O único que non está claro é o apelido da muller, que quizais sexa Vidal ou Viojo. O «P» de Pedro repítese na liña anterior.

Ademais de o mandar labrar, tamén o deberon dotar con unha leira, para que co importe da súa produción se arranxase, pintase o mesmo se dixesen algunhas misas. Non o confirmamos documentalmente polo de agora, pero as persoas maiores de Pousada aínda sinalan a leira que pertenceu a este cruceiro ata que se fixo a concentración parcelaria. Na mesma aldea tamén tivo outra o de varal que queda no medio das casas, que foi restaurado polo concello en 1987 (Lám. XIII).

Tradicións

A súa situación —que hoxe non se aprecia, debido a que a pista moderna pasa por detrás, polo alto—, é de ter en conta, pois queda pola parte de arriba de unha corredoira, onde o camiño pasaba fondo, o que facía que fose un lugar escuro e moi axeitado para situar alí a aparición de seres do outro mundo. Áchase case no medio do treito que separa a aldea da igrexa parroquial e cemiterio, nunha zona onde só hai monte pola parte de arriba e leiras pola de abaixo.

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XLII, Fascículo 107, Santiago 1995.



Lám. XIII. Cruceiro da Goriña: capela e Cristo.

Diante del, primeiro, e logo detrás ó abandonarse a corredoira, detíñanse os cortexos fúnebres para rezar responsos, xa que é o último cruceiro que queda no «camiño sacramental» antes de chegar ó templo parroquial.

CONCLUSIÓNS

Estes catro exemplares do concello de Brión, igual que as máis das obras artísticas, cómpre estudialos sen pararse nas divisións administrativas, pois a mostra témola en que un deles, o do Saramagal, é semellante ó da Laxe Pequena de Rianxo, e tamén a outro agora destruído que se achaba en Berrimes, parroquia e concello de Lousame¹⁴. De seguro que ambos se ergueron por consello ou influencia dos franciscanos, que ata ben entrado o século XVIII se considerou ó seu fundador como o principal protector das ánimas do Purgatorio. De aí o que nos máis antigos, tanto de capela como de varal, sexa frecuente a presenza do santo de Asís. No noso do Saramagal hai tres santos desta orde, dous moi populares, Santo Antonio de Padua e San Francisco, e un menos agora, pero tamén bastante no século XVII, San Diego de Alcalá —supoñendo que sexa el e non Xesucristo o que leva a cruz ó lombo—.

Os cruceiros de capela representan no concello de Brión soamente o 7,84% do total dos existentes actualmente. Porcentaxe moi baixa, pois no lindeiro de Rois vén a ser o 16%, e no mariñeiro de Ribeira, o 19,35%.

Por seren os máis antigos de todos, cabe a posibilidade de que fosen os primeiros que se erguesen no territorio deste concello, sendo posteriores todos os de varal, que foron os únicos que se labraron a partir do século XVIII.

Os mesmos modelos repítense noutros concellos, como nos de Rianxo e Lousame, o que demostra que se deben ós mesmos «santeiros» ou taller, ou que os autores coñecían ben estas obras. Non é doado saber cal deles foi o orixinal, polo que o mesmo poido ser imitado o da Laxe Pequena para facer o do Saramagal, como o rianxeiro copia do brionés. O único que quizais sexa máis antigo é o de Berrimes, que algún estudioso data como do século XV, pero coidamos que sexa do seguinte ou xa dos

¹⁴ C. GONZÁLEZ PÉREZ: «Cómpre recuperar o cruceiro de Berrimes...», *La Voz de Galicia*, 3-IX-1987.

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XLII, Fascículo 107, Santiago 1995.

primeiros anos do XVII, do que Manuel Murguía dixo falando de Noia que *es uno de los más bellos que se conservan por aquellos alrededores*¹⁵.

Rematamos co estado de conservación: dous chegaron ata os nosos días en perfectas condicións, non así os outros dous restantes que sufriron diversas mutilacións (o da Amañecida xa antes de 1882 en que a capela foi substituída por unha cruz, e o do Quinteiro haberá uns cincuenta anos, ó ser trasladado do primitivo emprazamento para onde se acha actualmente). O concello de Brión amosa interese pola conservación de estas obras populares, como o testemuña o feito de que xa leva restaurado varios nos últimos anos.

(Continuará: Cruceiros de capela do concello de Ames)

BIBLIOGRAFÍA

a) Fontes documentais

Libro de Fábrica, parroquia de Santa María dos Ánxeles, ano 1765.

b) Publicacións

CASTELAO: *As cruces de pedra na Galiza*, Buenos Aires, 1949.

GENDE FRANQUEIRA, G.: *El arte religioso en la Mahía*, Fundación Universitaria Española, Madrid, 1981.

GONZÁLEZ PÉREZ, C.: «Cómpre recuperar o cruceiro de Berrimes,...», *La Voz de Galicia*, 3-IX-1987.

GONZÁLEZ PÉREZ, C.: «Os cruceiros de capela. I. Concello de Rois», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 103 (1989) e 104 (1991).

GONZÁLEZ PÉREZ, C.: «Os cruceiros de capela. II. Concello de Santa Uxía da Ribeira», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 105 (1992).

¹⁵ *Galicia*, Barcelona, 1888, p. 644.

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XLII, Fascículo 107, Santiago 1995.

GONZÁLEZ PÉREZ, C.: «Santa Xoana de Chantal en dous cruceiros galegos», *Anuario Brigantino*, 16, Betanzos, 1993.

GONZÁLEZ PÉREZ, C.: «Los cruceros de capillita», *Revista de Folklore*, núm. 155, Valladolid, 1993.

LAREDO VERDEJO, J.M.: *Os nosos cruceiros*, Boreal-Xuntanza Editorial, A Coruña, s.a.

MURGUÍA, M.: *Galicia*, Barcelona, 1888.

SUÁREZ, A.: *Luaña. Mitos, costumes e crencias dunha parroquia galega*, Galaxia, Vigo, 1979.

"CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS", Tomo XLII, Fascículo 107, Santiago 1995.